

Acta número 1/2007 extraordinaria, da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Víncent

Presidencia da Xunta de Galicia

Carlos Landrove Díaz

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Antonio Losada Trabada

Ramón del Valle López

C. Economía e Facenda.

María Blanco Aller.

C. Presidencia, administracións públicas e xustiza

Beatriz Rodríguez Fraga

C. Educación e Ordenación Universitaria

Marina García Valeiras

C. Sanidade/SERGAS

Manuel López López

C. Traballo

Victor Tubio Vilar

C. Medio Rural

Alberte Souto Souto

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG

Xose Lois Veloso Abelas

Cristina Terrón Pérez

CC.OO.

Pedro Mendez Gil

UGT

Miguel Angel Dono Gomez

CSI-CSIF

Álvaro Fernández Baamonde.

Alfonso Espiñeira Espiñeira..

Juan Carlos Rivas Vazquez.

En Santiago de Compostela, sendo as trece horas do día cinco de xaneiro do ano dous mil sete, reúnense en sesión extraordinaria, no salón de actos pequeno da consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

Punto unico:Proxecto de decreto polo que se modifica o decreto 37/2006, do 3 de marzo do 2006.

A directora xeral da Función Pública e presidenta da comisión de persoal da xunta de Galicia expón:

Que se trae para a decisión desta comisión o proxecto de decreto polo que se modifica o decreto 37/2006 que xa foi estudiado na mesa xeral de negociación e no que se incorporan para esta comisión unhas variacións non sustanciais derivadas por unha banda dos informes da asesoría xurídica e do consello consultivo e por outra en determinadas cuestións que manifestaron as organizacións sindicais na devandita mesa xeral.

As ditas modificacións consisten na inclusión no baremo a experiencia acreditada dos servizos prestados polos interesados nas campañas de extinción de incendios como persoal contratado polas mancomunidades de municipios.

Se inclúe ademais a proba de coñecemento do galego nunha disposición transitoria tendo en conta o seu carácter excepcional e que se aplicará só nesta campaña do ano 2007..

E inclúense outras modificacións de carácter menor consistentes en modificacións tan so formais ou de redacción.

O representante da CIG manifesta:

Que seu voto é negativo en relación a presente modificación.

Entende que é unha afronta o tema da excepcionalidade do coñecemento do idioma galego, entendendo que non se deben facer diferenciacións con outros colectivos. Di estar a favor da integración das cuadrillas pero o determinante no seu voto é o tema do galego.

O representante de CCOO manifesta:

Seu voto é negativo.

Presentan un escrito que solicitan se anexe á presente acta e manifesta que é irrenunciable unha xestión centralizada das listas que debe ser feita pola consellería da presidencia.

Que consideran positivo un único operativo coas brigadas municipais, con coñecemento do terreo e que fan a petición de abordar unha reforma xeral do decreto de listas de contratación.

A representante de UGT manifesta:

Que xa estaban en desacordo co decreto que se pretende modificar polo que o seu voto ten que ser negativo.

Decanta o seu voto o feito de que non se contemple os servizos prestados noutras administracións ou en empresas privadas e o parche que agora se pon para solventar o non coñecemento do idioma galego para este persoal, ao seu entender, debería aplicarse a todas as categorías das listas do decreto vixente.

Que están en contra de que se descentralice o sistema de listas de contratación.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que o seu voto é negativo.

Entende que existe desproporción entre a nota do último proceso selectivo coa experiencia.

Entende que se debe respectar a normativa básica nesta materia que son os anexos do IV convenio do persoal laboral en relación a este persoal.

Di que se debe valorar toda a experiencia veña de donde veña, incluso a adquirida na empresa privada.

Non entende por que non se ten en contra a formación.

Solicita que o coñecemento do galego sexa merito e non requisito.

Non entende que se poida abrir un prazo de solicitudes cando o xenerico que se establece no decreto para todos se extén dende marzo a xullo.

Solicita que xestione as listas presidencia e non outra conselleria.

Solicita unha volta ao clima do dialogo.

A directora xeral da Función Pública e presidenta da comisión de persoal da xunta de Galicia expón:

Que se fai unha valoración superior da experiencia e o coñecemento do terreo sobre a nota do ultimo proceso selectivo.

Que o obxecto da modificación é a integración das brigadas municipais.

Que o coñecemento do idioma galego nesta convocatoria é unha forma excepcional de acreditalo para todos aqueles interesados que non teñan feito os cursiños de coñecemento do galego. Non se trata en ningún caso de eximir senón que se estable un mecanismo adicional de acreditación do mesmo que xa se está a empregar noutros procesos de selección desta comunidade autónoma.

Queda, polo tanto aprobada a modificación do decreto co voto en contra dos representantes das organizacións sindicais.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás quince horas corenta e cinco minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE

A PRESIDENTA

DOU FE

O SECRETARIO

Asdo.:M^a del Mar Rodriguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.